



**ASUNTO: DECRETO NOVOS PRAZOS GARDERIA INFANTIL**

**DECRETO DA ALCALDÍA**

PRIMEIRO.- O Regulamento da Gardería Infantil Municipal publicado no BOP de Lugo núm. 145 de 26 de xuño de 2009, no seu artigo 34, en relación coa presentación das solicitudes sinala que:

- Reserva de praza:

As familias con nenos ou nenas xa matriculados/as na Escola Infantil Municipal, que desexen renovar praza, deberán cubrir a folia de reserva de praza que se inclúe como documento adxunto no presente Regulamento (Anexo I), xunto co xustificante bancario de ter efectuado o pago de 40 euros en concepto de fianza previa á reserva de praza na Entidade Caixa Galicia, na conta nº 2091 0126 99 3040027693, descontándose esta cantidade do importe global da matrícula de resultar adxudicatario. No caso contrario procederáse ao reintegro do importe da fianza.

- Novo ingreso:

O prazo de presentación de solicitudes de novo ingreso será do 1 ó 30 de abril de cada ano, realizarase mediante presentación nas dependencias municipais do modelo normalizado que se inclúe como documento adxunto no presente Regulamento (anexo II), xunto co xustificante bancario de ter efectuado o pago de 40 euros en concepto de fianza previa á reserva de praza na Entidade Caixa Galicia, na conta nº 2091 0126 99 3040027693, descontándose esta cantidade do importe global da matrícula de resultar adxudicatario. No caso contrario procederáse ao reintegro do importe da fianza.

SEGUNDO.- Con data 23 de maio do 2020 o Boletín Oficial do Estado núm. 145 publica resolución de 20 de maio de 2020 pola que se ordena a publicación do acordo de autorización da prórroga do estado de alarma declarado polo Real Decreto 463/2020 de 14 de marzo, que no seu artigo décimo sinala:

“Con efectos desde o 1 de xuño de 2020, se derrogará a disposición adicional terceira do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, relativa á suspensión de prazos administrativos. Dende esa mesma data, o cómputo dos prazos que fosen suspendidos renovarase, ou se reiniciará, se así se previu nunha norma con rango de lei aprobada durante a vixencia do estado de alarma e a súas prórrogas”.



**FIRMAS Y FECHAS**





TERCEIRO.- A situación na que nos atopamos é complexa dado que, por unha banda, o regulamento contempla un prazo de solicitudes de novo ingreso, dende o 1 ó 30 de abril, e, por outra banda, dada a situación de suspensión dos prazos determinada polo Real Decreto 463/2020 de 14 de marzo, fixo que nesas datas non se puidese proceder á presentación das solicitudes.

Dita problemática vese incrementada debido a que, para a obtención do bono Concilia da Xunta de Galicia e para o acceso as garderías concertadas, é preciso que os solicitantes, previamente, houberan solicitado e non obtido praza na gardería municipal.

Así as cousas, existe unha situación de urxencia dado que pode darse o suposto de que a Xunta de Galicia inicie os citados procedementos e que o Concello de Monforte de Lemos, dados os citados prazos regulamentariamente contemplados, non poida ditar resolución, polo que os veciños e veciñas de Monforte de Lemos poderíanse ver moi prexudicados.

CUARTO.- A Directora do CIM do Concello de Monforte de Lemos, con data 28 de maio de 2020, emite informe do teor literal seguinte:

*“VISTO que o Regulamento de Réxime Interno da Escola Infantil Municipal de Monforte publicado no BOP de Lugo número 145 do 26 de xuño do 2009 polo que se regula a organización e funcionamento da Escola Infantil Municipal do Concello de Monforte de Lemos.*

*VISTO que no Capítulo X do citado Regulamento establécese o procedemento de ingreso na Escola Infantil Municipal, regulando no artigo 34 a presentación de solicitudes de reserva de praza por RENOVACIÓN e a presentación de solicitudes por NOVO INGRESO.*

*VISTO que dende o 1 ao 31 de marzo establecíase como prazo para presentación de solicitudes de reserva de praza por RENOVACIÓN para o curso 2020/2021 e do 1 ao 30 de abril para a presentación de solicitudes por NOVO INGRESO para o curso 2020/2021, e tendo en conta que o pasado 14 de marzo, o Consello de Ministros aprobou o Real Decreto 463/2020 de 14 de marzo polo que se declara o estado de alarma para a xestión de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, no que se incluíron entre outras medidas a suspensión dos termos e prazos administrativos.*

*VISTO que como consecuencia do anterior, interrompeuse o prazo para a presentación de solicitudes correspondentes ao procedemento de ingreso na Escola Infantil Municipal para o Curso 2020/2021.*





*VISTO que o procedemento correspondente existe unha clara motivación baseada na protección do interese xeral, sendo un principio de responsabilidade pública, o de atender, apoiar e protexer ás familias como núcleo fundamental da sociedade no cumprimento das súas funcións, así como a promoción e adopción de medidas de conciliación que garanten un ambiente favorable para o libre desenvolvemento das familias.*

*VISTO que se considera indispensable para a protección do interese xeral e para o funcionamento básico do servizo a necesidade de restablecer e adaptar as datas do prazo de presentación de solicitudes do procedemento de ingreso na Escola Infantil Municipal, ca finalidade de que sexa posible tramitar todo o procedemento procurando a súa resolución o antes posible para un correcto funcionamento do servizo de modo que se minimicen as consecuencias para as familias, os nenos e as nenas para os que se solicita a praza e para a propia Escola Infantil Municipal.*

*PROPONSE a reanudación e aprobación da modificación dos prazos establecidos no Regulamento para a presentación de solicitudes para o procedemento de ingreso na Escola Infantil Municipal, reanudando o prazo para a presentación de solicitudes de reserva de praza por **RENOVACIÓN** do 1 ao 8 de xuño ambos inclusive e establecendo como prazo para o procedemento de reserva de praza de solicitudes por **NOVO INGRESO** do 1 ao 15 de xuño ambos inclusive”.*

Polo anteriormente exposto, ante dita situación, co obxecto de garantir os dereitos e intereses dos monfortinos e monfortinas, e dada a situación de urxencia derivada da suspensión de prazos establecida polo Real Decreto 463/2020 de 14 de marzo, en virtude das atribucións que me confire o art. 21 la Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o art. 61 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia,

**DISPOÑO:**

**PRIMEIRO.-** Modifica os prazos establecidos no Regulamento da Gardería Infantil Municipal, publicado no BOP de Lugo núm. 145 de 26 de xuño de 2009, no seu artigo 34, en relación coa presentación das solicitudes para o procedemento de ingreso na Escola Infantil Municipal, establecendo os seguintes:

- solicitudes de reserva de praza por **RENOVACIÓN** do 1 ao 8 de xuño, ambos inclusive.
- solicitudes de praza por **NOVO INGRESO** do 1 ao 15 de xuño, ambos inclusive.

**SEGUNDO.-** Elevar o presente Decreto á consideración do Pleno do Concello de Monforte de Lemos, para súa ratificación.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E40005200800S1U1W8R3O7M6 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMAS Y FECHAS	
JOSE TOME ROCA-Alcalde-Presidente - 28/05/2020	
JOSE ANTONIO MOURELLE GILLERO-Secretario - 28/05/2020	
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 28/05/2020 20:39:20	

DECRETO: 2020000763
Fecha: 28/05/2020
Hora: 20:39
Persona 76561868C





TERCEIRO.- Publicar o presente Decreto na páxina web do Concello, aos efectos da apertura do prazo de solicitudes.

MONFORTE DE LEMOS, data da sinatura do Sr. Alcalde  
Ordena e asina o Sr. Alcalde  
Certifica e asina o Sr. Secretario



FIRMAS Y FECHAS

JOSE TOME ROCA-Alcalde-Presidente - 28/05/2020  
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 28/05/2020  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 28/05/2020 20:39:20

